

Estimadas familias

Para comezar, informármolosvos, que despois de recibir as cualificacións da segunda avaliación, é esencial que teñades reunións cos titores para ver a evolución e progresos dos vosos fillos, e así poder deseñar estratexias de cara á última avaliación do curso.

Do 14 ao 21 de abril teremos as **vacacións de Semana Santa**. Volvemos o 22 de abril ás clases.

Tamén en abril, o día 23, festexaremos o **día do libro** con distintos actos organizados polo departamento de Linguas.

As probas de **Avaliación Diagnóstica** promovidas pola Consellería de Educación, realizaranse os días 28, 29 e 30 de abril para os alumnos de 4º de EP e 2º de ESO. Estas probas valoran o grao de adquisición das competencias lingüística e matemática dos nosos alumnos e avalía os obxectivos acadados en distintas áreas e materias. Os resultados do noso centro destacan sempre de maneira positiva respecto á media de Galicia.



Por ser un tema de actualidade que nos preocupa, participaremos os días 8 e 9 de abril nun **Estudo sobre o impacto da tecnoloxía na infancia e adolescencia** para os cursos de 5º e 6º de Primaria e ESO. Este estudo será feito baixo a supervisión da Universidade de Santiago de Compostela en colaboración con UNICEF. Elaborarán un informe global a nivel nacional e un informe individual absolutamente confidencial para o noso centro con recomendacións particulares.

Os días 29 e 30 de abril faranse no colexio as fotos individuais e grupais de cada curso e a orla de 4º ESO.

Do 4 ao 9 de maio os alumnos de ESO disfrutarán en York (United Kingdom) dunha **inmersión lingüística** para desenvolver e afianzar a súa competencia lingüística en inglés dentro dunha cultura anglosaxona.

Do 5 ao 7 de maio os alumnos de 5º e 6º de EP terán a súa **viaxe de inmersión Lingüística a Asturias**, onde haberá moitas actividades e visitas guiadas por monitores de lingua inglesa.

Con motivo do día das **Letras galegas**, o 17 de maio homenaxeamos ás cantareiras e a poesía oral tradicional galega.

O venres 16 de maio celebraremos as **FESTAS** do colexio organizadas pola ANPA con moitas actividades para todo o alumnado, xogos, inchables, sorpresas... para pasar unha boa tarde con amigos e familiares.

O mes de Maio é o mes de María que festexaremos con distintos actos, tamén celebraremos o día de **Santa Luisa de Marillac**, fundadora das Fillas da Caridade.



**O festival fin de curso** a favor de **UNICEF** no auditorio Mar de Vigo será o día 20 de maio (falta confirmación da data por parte do Concello). Informaremos do día, hora e venda de entradas o antes posible.

Tomade boa notas destas datas!

Podedes atopar máis información sobre o que facemos día a día nas redes.



Un saúdo

A DIRECCIÓN